

Ceip Gonzalo Torrente Ballester

Información importante curso 2020-21

Prezadas familias:

Ante a situación actual, e seguindo as instrucións polas que se incorporan as actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas no D.O.G nº 174 do 28-08-2020, e a actualización das recomendacións sanitarias do comité clínico ao Protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021, informámosvos das **normas a seguir durante este curso escolar**, establecendo así unhas pautas a seguir para garantir a maior protección no centro.

Ditas normas son de obrigado cumprimento para garantir a saúde de toda a Comunidade Educativa, seguindo o establecido nas instrucións da Consellería

NORMAS XERAIS

- É moi importante e de responsabilidade persoal de cada familia, para garantir a saúde da comunidade educativa, que ningún alumno/a acuda ao centro se presenta síntomas que poidan estar relacionadas co Covid ou con outras enfermidades contaxiosas. Isto é de vital importancia para protexer a toda a comunidade educativa. Para isto, todo o alumnado debe facer na casa cada día a Enquisa de Autoavaliación e traer asinada pola familia a Declaración Responsable, que recollerá o titor ou a titora correspondente, nos primeiros días de curso. Estes modelos van adxuntos á circular.

- **Ante a sospeita de calquera síntoma no centro escolar nalgún alumno/a activarase o Protocolo anti-Covid que estará publicado na web do centro.**
- O alumnado de Educación Primaria ten a obriga de traer posta a máscara ao centro (homologada) e mantela durante toda a xornada escolar, sómente poderá quitala no momento da merenda. Non é obrigatoria para o alumnado de Educación Infantil pero si recomendable como se especifica no protocolo.
- O alumnado de Primaria ten que traer outra máscara de reposto nunha funda (mellor se é de tea) co seu nome completo.
- O alumnado do centro non poderá compartir ningún tipo de material, nin traer ningún obxecto doutro compañeiro/a por mandato doutras familias.
- É moi importante que dende os fogares o alumnado coñeza estas normas, non obstante, nos primeiros días de colexio cada titoría fará fincapé nelas para garantir a máxima hixiene e protección da saúde.
- Os panos de papel usados polo alumnado (que serán de uso individual) serán depositados nunha papeleira específica que terán nas aulas para poder illar e tirar estes residuos por separado.
- Todas as pertenzas do alumnado (material, roupa...) deberán vir marcadas co nome. Se algo aparece extraviado no centro sen nome, irá ao caixón de obxectos perdidos, e cada semana a bolsa tirarase con todo o seu contido.
- O horario de secretaría durante este curso será de 9:45 a 10:20.
- Seguindo o Protocolo as familias non poderán acceder ao centro escolar, agás en casos excepcionais para alumnado de Educación Infantil, seguindo as medidas de hixiene establecidas e sómente cun acompañante.
- O alumnado traerá o seu material de maneira paulatina durante os primeiros días de curso para evitar que o primeiro día teñan que traer todo o material.
- As titorías faranse prioritariamente vía telefónica, por correo electrónico, ou por vídeo-conferencia. En casos excepcionais, poderanse facer titorías presenciais, con cita previa e seguindo as normas de hixiene.
- O alumnado de transporte irá no autobús sempre con máscara, incluíndo ao de Educación Infantil.
- No comedor haberá que entrar con máscara e levar a funda para gardala no momento de comer.

ENTRADAS E SAÍDAS DO CENTRO

Durante este curso escolar, tomaranse as seguintes medidas no acceso ao centro coa finalidade de evitar aglomeracións, aspecto de obrigado cumprimento no Protocolo:

- A pista de acceso ao centro a onde chegan os buses (dende os colectores de lixo ata á entrada do centro) estará pechada pola policía local para que sexa de uso peonil. Sómente poderán pasar os buses, os coches do profesorado que estea de garda, así como transportes especiais (bombeiros, ambulancias...)
- O alumnado virá cun só acompañante.
- Para as entradas e saídas habilitarase o portalón grande e sinalarase onde se debe colocar cada curso antes de entrar para evitar que se xunten os grupos.
- O profesorado de garda irá dando paso a cada un dos cursos que irán directamente ás aulas, sen facer filas atrás. O alumnado de educación infantil, 1º, 2º, e 3º de primaria entrarán pola de diante; e o alumnado de 4º, 5º e 6º entrarán pola porta traseira. En todas as aulas haberá solución hidroalcohólica para que todo o alumnado limpe as mans antes de entrar.
- É importantísima a puntualidade, xa que a falta da mesma impediría unha entrada ordenada.
- **O horario este curso escolar** quedará do seguinte xeito:

Entradas

- 6º E.P, 5º E.P e 4º de E.P, entrarán ás 9:20 da mañá e por esta orde.
- 3º E.P, 2º E.P e 1º E.P, entrarán ás 9:25 da mañá e por esta orde.
- O alumnado de Educación Infantil ás 9:30, na seguinte orde: 4ºEI, 5ºEI, 6ºEI-A e 6ºEI-B.
- O alumnado transportado será o último en entrar, xusto cando remate de acceder ao centro os nenos e nenas de E.I.

Saídas

- O alumnado de Educación Infantil sairá ás 14:20 pola porta pequena e por cursos na seguinte orde: 4ºEI, 5ºEI, 6ºEI-A e 6ºEI-B.
- 1º E.P, 2º E.P e 3º E.P, sairá ás 14:25 polo portalón e nesta orde.
- 4º E.P, 5º E.P e 6º de E.P, sairá ás 14:30 polo portalón e nesta orde.

O alumnado sairá acompañado do profesorado que esté nese momento na aula.

1. Se algún neno/a non acude á hora establecida terá que agardar fóra do centro ata que o resto entre para evitar calquera tipo de contacto con nenos/as que non sexan do seu grupo estable de convivencia.
2. As saídas do alumnado usuario de comedor tamén serán escalonadas:

Quenda única

Educación Infantil (por orde de cursos) ás 16:20

1º, 2º e 3º de Primaria ás 16:25

4º 5º e 6º de Primaria ás 16:30.


Por último sairá o alumnado transportado.

Dende o centro escolar sabemos que este é un curso complicado, cheo de inquedanzas e dúbidas, pero entre todas/os, seguindo as normas establecidas, conseguiremos garantir a máxima protección de toda a comunidade educativa.

O Equipo Directivo

MAPA DE ACCESOS AO CENTRO

■ Zona peonil ■ Caldeira



Acceso 1: Alumnado de 6º de EP, 3º de EP e de 4º de EI.

Acceso 2: Alumnado de 5º de EP, 2º de EP e 5º de EI.

Acceso 3: Alumnado de 4º de EP, 1º de EP e de 6ºA de EI.

Acceso 4: Alumnado de 6B de EI.

O alumnado usuario de transporte accederá polo acceso 1.

O ALUMNADO UNHA VEZ QUE ACCEDA AO CENTRO, DIRIXIRASE Á SÚA AULA GUIADO POLO PROFESORADO DE GARDA QUE SERÁ O ENCARGADO DA SÚA VIXIANCIA.

